


# A obra que revolucionou a poesía galega hai 50 anos, agora en edición facsimilar



FICHA TÉCNICA: 116 pp. 18 x 20'2 cms. ISBN 978-84-18567-95-7. PAPEL FSC. PVP: 22,90 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA, 2026. A aparición, en novembro de 1976, de *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín, supuxo toda unha revolución cultural. Esta obra marcaría un novo tempo para a poesía galega. Pola calidade e novidade da súa poesía, mais tamén polo seu singular formato e deseño.

Unha coidada edición facsimilar de Alvarellos Editora rescata agora esta obra emblemática, cando se cumpren 50 anos da súa aparición. Como engadido, incorpora un **Epílogo** a cargo do poeta e especialista no autor, **Anxo Angueira**, e manuscritos orixinais, moi descoñecidos, dalgúns dos poemas.

RÉPLICA EXACTA DUN LIBRO INESQUECIBLE

Impresa utilizando o mesmo tipo de **papel kraft** de cor marrón no interior e “verxurado” na cuberta, esta edición facsimilar é pois unha perfecta réplica da orixinal de 1976: no formato (18 x 20,2 cms), nas cores amarela escura da capa e na violeta para todos os textos, na tipografía, e mesmo foi reproducido o sistema de lapelas pegadas, mediante un entapado, feito un a un, de cada exemplar.

«O libro padeceu un boicot, pero venceu polo deseño», afirma hoxe MÉNDEZ FERRÍN.

«Esta obra tñiao todo para se converter nun **referente poético** daqueles anos, pero tamén para erixirse, como se erixiu, nun artefacto literario cuxa **vixencia permanece cincuenta anos despois**», ANXO ANGUEIRA.



© Zaldi Ero

**X. L. Méndez Ferrín** (Ourense, 1938) é un dos máximos referentes da literatura galega contemporánea. Autor dunha depurada, orixinal e prestixiosa obra literaria. Nela destaca, en narrativa, *O crepúsculo e as formigas* (1961), *Retorno a Tagen Ata* (1971), *Crónica de nós* (1980), *Arraianos* (1991) ou *No ventre do silencio* (1999). Como poeta, publica a revolucionaria *Con pólvora e magnolias* (1976), agora en facsimilar por Alvarellos Editora, *Estirpe* (1994) ou *Contra Maquieiro* (2005). Parte da súa obra como ensaísta está reunida en tres volumes publicados por Alvarellos Editora: *Castelao é noso*, *Primeiro foi Galicia* e *Rosalía en familia*.

Para contactar con Anxo Angueira: [angueiraviturro@gmail.com](mailto:angueiraviturro@gmail.com)

